

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015761	IES Ánxel Fole	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lingua e sociedade	Con esta unidade, preténdese combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos. A partir da análise da orixe e do desenvolvemento tanto histórico como sociolingüístico das linguas e os dialectos de España, estúdanse os fenómenos propios do contacto entre variedades e promóvese a defensa dos dereitos lingüísticos e a resolución dialogada dos conflitos.	10	11		X	X
2	Comunicación	Nesta unidade afóndase nos compoñentes do feito comunicativo, as propiedades textuais e as distintas tipoloxías textuais, analizando e producindo textos, tanto orais como escritos, dos ámbitos persoal, educativo e social, pois unha comprensión cabal e unha expresión axeitada contribuirán á mellora dos resultados académicos en todas as materias e prepararán o alumnado para a vida adulta e a incorporación ao mundo laboral.	10	11	X	X	
3	Literatura	O obxectivo desta unidade é coñecer a historia da literatura española dende as súas orixes ata o século XVII (Idade Media, Renacemento e Barroco), así como ler, interpretar, analizar e producir textos literarios de distintos xéneros, temáticas e estilos. Para iso, é necesario o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor/a, ao tempo que se establecen parentescos literarios, conxugando os horizontes estatais cos universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas.	50	51	X	X	X
4	Descrición interna da lingua	Dedícase esta unidade á análise das unidades da lingua, con especial atención á forma (categoría gramatical) e o significado das palabras, os procedementos para adquirir e formar palabras novas, as relacións semánticas entre elas, o seu valor denotativo e connotativo en función do contexto e do propósito comunicativo, etc. Como as palabras adoitan aparecer combinadas en unidades progresivamente maiores, tamén se atende á súa organización no discurso, ás funcións	30	32	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Descrición interna da lingua	sintácticas que desempeñan e ás relacións entre os esquemas semántico e sintáctico da cláusula simple.	30	32	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lingua e sociedade	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Identificar as linguas de España e explicar a súa orixe e evolución. Distinguir os dialectos do español e as súas características lingüísticas.	PE	90
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Valorar a diversidade lingüística e ser respectuoso/a coas diferentes linguas e dialectos. Identificar e explicar fenómenos de linguas en contacto.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Evitar prexuízos e estereotipos lingüísticos e identificar os elementos verbais que resulten discriminatorios.	TI	10
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	Participar e interaccionar con actitudes de respecto e tolerancia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.

UD	Título da UD	Duración
2	Comunicación	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Determinar o sentido e a estrutura de textos orais, seleccionando e retendo a información relevante.	PE	65
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar nos textos orais o grao de formalidade, a intención do emisor e os elementos verbais e non verbais.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Recoñecer o sentido, a intención comunicativa e a relación entre as partes de textos escritos.		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Avaliar o contido dos textos e recoñecer neles os principais mecanismos de cohesión.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplicar os coñecementos sobre os constituíntes das palabras para inferir o significado de termos técnicos.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Identificar as variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coa situación de comunicación e coa intención do emisor.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Detectar os usos discriminatorios da linguaxe e os boatos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elaborar textos coherentes e cohesionados, tendo en conta o grao de formalidade, o propósito comunicativo e a canle de comunicación.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Procurar a riqueza lingüística dos textos propios, utilizando un vocabulario preciso e respectando as normas ortográficas e gramaticais.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Mellorar os textos propios dende o punto de vista estilístico, poñendo en práctica os saberes lingüísticos e utilizando dicionarios e manuais de consulta.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Buscar e seleccionar información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Ser consciente dos riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar pequenas exposicións orais con fluidez, coherencia e cohesión, prestando atención á dicción, a quinésica e a proxémica.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar en interaccións orais respectando as normas básicas de cortesía lingüística.	TI	35
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Sintetizar e reorganizar a información de diferentes fontes, e comunicala de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar pequenos traballos de investigación, valorando a fiabilidade e calidade da información, a corrección lingüística e a coherencia e cohesión textuais.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	Chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e respectando a diversidade de opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
 - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
 - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
 - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.
 - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
 - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
 - Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
 - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
 - Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
 - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
 - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.

Contidos

- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	Literatura	51

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación descrita nas obras.	PE	90
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñecer os temas de textos literarios medievais e auriseculares, así como localizar e explicar os principais recursos expresivos e as características da linguaxe literaria.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler autonomamente obras literarias e expresar de forma argumentada a experiencia lectora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a análise e as conclusións de lectura, demostrando a comprensión do sentido da obra.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpretar correctamente textos literarios medievais e auriseculares, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertencen e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer conexións entre distintos textos literarios, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Realizar unha escoita activa, respectar as opinións alleas e expor con claridade e solidez argumentativa as achegas propias arredor de temas literarios.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	Descrición interna da lingua	32

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñecer e usar eficazmente as normas ortográficas e gramaticais, así como incorporar un vocabulario preciso e rico nas propias producións, amosando interese pola forma dos textos e vontade de estilo.	PE	100
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localizar e corrixir erros ortográficos, gramaticais e léxicos, empregando na xustificación os coñecementos lingüísticos adquiridos e a metalinguaxe apropiada. Apoiarse na reflexión metalingüística para mellorar a comprensión lectora.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar as conexións entre o propósito do emisor e as súas escollas lingüísticas, particularmente no tocante ao significado denotativo e connotativo das palabras.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Recoñecer as unidades da lingua, especialmente as categorías gramaticais. Distinguir os procedementos de formación de palabras. Opoñer unidade e función, identificar as funcións sintácticas da cláusula e analizar e clasificar cláusulas simples. Coñecer as relacións semánticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Para acadar unha aprendizaxe significativa e eficaz, primaranse as metodoloxías activas, asentadas no pensamento crítico e reflexivo e no desenvolvemento de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, formularase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

- 1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado.
- 2) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora: lectura compartida en voz alta de fragmentos escollidos, lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos, lectura dixital, lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos diferentes xéneros literarios, etc.
- 3) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual e incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).
- 4) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses ou mapas conceptuais para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.
- 5) Exercicio de comentarios e actividades de comprensión de textos literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.
- 6) Creación de textos con intención literaria.
- 7) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.
- 8) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de actividades, etc.

9) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos.

Polo que se refire ao agrupamento flexible, procurarase a adaptación da metodoloxía ás circunstancias do alumnado que o integre, desenvolvendo, entre outras, as seguintes pautas metodolóxicas:

- 1) Descrición clara, ao comezo, dos obxectivos que se perseguen con cada unidade didáctica.
- 2) Combinación de distintas fontes e formas de presentación da información.
- 3) Conexión dos contidos novos cos coñecementos previos do alumnado.
- 4) Proposta de situacións de aprendizaxe de interese para o alumnado, que permitan relacionar os contidos co seu posible emprego en contextos reais.
- 5) Establecemento dun equilibrio entre as explicacións do profesorado e o traballo do alumnado.
- 6) Utilización de técnicas de traballo cooperativo e fomento de diversos sistemas de apoio entre o alumnado, como a titoría de pares ou outras dinámicas.
- 7) Facilitación da comprensión mediante a explicación de vocabulario, símbolos ou significados connotativos.
- 8) Atención especial á resolución de dúbidas e dificultades concretas manifestadas polo alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais dixitais do repositorio de contidos Abalar e de Edixgal.
Apuntamentos e outros recursos elaborados ou facilitados polo profesorado.
Libros de lectura trimestrais (algúns exemplares estarán dispoñibles na biblioteca do centro).
Escolmas de textos de distintas tipoloxías, así como antoloxías de poemas e fragmentos literarios representativos dos movementos e autores/as estudados/as.
Medios e materiais audiovisuais, actividades interactivas, recursos e aplicacións informáticas, etc.
Aula virtual do centro.

A selección dos materiais e recursos docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e aos criterios de avaliación definidos para cada curso.

Así pois, a proposta metodolóxica supón a utilización de:

- a) Materiais teóricos, dixitais ou en papel, necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- b) Libros de lectura, para favorecer o hábito lector do alumnado e que este poida ir desenvolvendo os seus gustos e, ao tempo, achegándose progresivamente á literatura clásica.
- c) Selección de textos de diversos xéneros discursivos e literarios para a súa análise e comentario.
- d) Vídeos, actividades interactivas, aplicacións multimedia, páxinas web e outros recursos das TIC, que permiten o

reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes.

e) Aula virtual do centro, plataforma básica para intercambiar contidos nunha contorna online.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso escolar, recollerase información a través da observación directa das intervencións e do traballo do alumnado na aula. A devandita observación poderá ir acompañada dunha proba específica de carácter xeral sobre os diferentes bloques de contidos da materia. Os datos obtidos serán orientativos e non contarán para as cualificacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	50	30	100
Proba escrita	90	65	90	100	90
Táboa de indicadores	10	35	10	0	10

Criterios de cualificación:

A cualificación correspondente a cada un dos trimestres obterase mediante a media ponderada dos seguintes elementos:

a) Probas obxectivas de contidos e lecturas (90 %). Realizaranse, como mínimo, dúas por trimestre; as probas dedicadas aos libros de lectura poderán formar parte dalgún dos outros exames ou realizarse de maneira independente na modalidade que estime o profesorado.

b) Unha ou varias actividades de clase, producións escritas, pequenos traballos de investigación, exposicións orais, etc., cuxo número e tipoloxía se concretarán para cada avaliación (10 %).

A cualificación correspondente á avaliación final obterase mediante a media aritmética das notas conseguidas nas tres avaliacións parciais. O alumnado superará a materia se a súa media é igual ou superior a 5.

Téñanse en conta as seguintes consideracións xerais:

a) Todos os exames serán puntuados sobre 10 e especificarán o valor de cada unha das actividades á beira do seu enunciado.

b) En todas as probas e traballos poderase descontar ata 0,2 puntos por cada erro ortográfico no uso das letras (confusión b/v, ll/y, g/j, etc.) e ata 0,1 por cada erro no uso do til e os signos de puntuación; tamén se poderá rebaixar por outros erros contra a adecuación, a coherencia e a cohesión. A penalización máxima será de 2 puntos.

c) O alumnado que, durante a realización dun exame, manifeste condutas indebidas, porte material non autorizado ou copie por calquera método será penalizado con puntuación 0 na devandita proba. O mesmo ocorrerá se un alumno/a non asiste a algún exame. Neste sentido, a realización dun exame fóra da data inicialmente marcada para o grupo considerárase excepcional e quedará sempre sometida ao criterio do profesorado, que poderá requirir xustificación documental de que a ausencia á proba se debeu a unha causa de forza maior (enfermidade grave, falecemento de familiar próximo, etc.).

Polo que se refire ao agrupamento flexible, o procedemento de avaliación poderá adaptarse ás circunstancias do alumnado que o integre, especialmente mediante a priorización dos contidos mínimos, a verificación da comprensión das tarefas das probas e a concesión do tempo necesario para a realización destas.

Criterios de recuperación:

Non se realizarán probas específicas de recuperación dos exames ou outras actividades das avaliacións parciais. A maneira de recuperar un exame ou avaliación suspensos consistirá en obter cualificacións máis elevadas nos seguintes, ata lograr que a media dos tres trimestres sexa positiva.

O alumnado que non supere a materia deste xeito terá a posibilidade de presentarse a un exame final de recuperación, que fixará o profesorado para a data que este estime oportuna, sempre antes da data establecida no centro para a sesión da terceira avaliación parcial e da avaliación final, que coincidirán no tempo. Desta proba de recuperación, que será escrita, poderán formar parte todos os contidos desenvolvidos durante o curso, respectando a proporción dun 50 % de lingua e un 50 % de literatura. A cualificación correspondente á avaliación final do alumnado que opte por presentarse ao exame de recuperación será a obtida no devandito exame, independentemente de cal fose a súa media das tres avaliacións parciais.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cada profesora avaliará o alumnado dos seus cursos coa materia pendente.

Obter cualificación positiva nas dúas primeiras avaliacións parciais da materia do curso presente supón a superación da materia pendente.

O alumnado que non logre os obxectivos da materia pendente por este procedemento terá dereito a presentarse ao exame final de pendentes, que se realizará, previsiblemente, antes de terminar o mes de maio e consistirá nunha proba escrita que poderá incluír calquera dos contidos do currículo da materia pendente, respectando a proporción dun 50 % de lingua e un 50 % de literatura.

6. Medidas de atención á diversidade

Na atención educativa do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) do IES Ánxel Fole teremos en conta o disposto na Orde do 8 de setembro de 2021 e nos distintos protocolos educativos elaborados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

De conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais do devandito plan.

A abordaxe educativa das NEAE presentes en cada curso escolar iníciase a partir das propostas realizadas en xunta de avaliación inicial. Co asesoramento e coordinación do Departamento de Orientación, procederase a determinar as medidas de atención á diversidade máis axeitadas e que tentarán responder a un axuste entre necesidades, capacidades do alumnado e contidos da materia.

Entre as medidas aplicables están as contempladas no capítulo IV, seccións 1.^a e 2.^a, da Orde do 8 de setembro de 2021, das que destacamos as seguintes:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por

proxectos e outras que promovan a inclusión.

d) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

f) Plan específico personalizado para o alumnado da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.

g) Plan de reforzo para o alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar.

h) Agrupamentos flexibles.

i) Programas de diversificación curricular.

l) Adaptacións curriculares.

m) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

n) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa da ESO.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.2 - Non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual		X	X	
ET.4 - Formación estética		X	X	
ET.5 - Concienciación e formación sobre o cambio climático		X	X	
ET.6 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	
ET.7 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	
ET.8 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	
ET.9 - Educación emocional, cívica e en valores	X	X	X	
ET.10 - Fomento do espírito crítico, científico e emprendedor	X	X	X	X

Observacións:

No artigo 18 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, sinalase que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúnhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes; a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a formación estética; a concienciación e formación sobre o cambio climático; a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable; o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Clubs de lectura	É unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura, a expresión oral e o debate, así como para introducir temas transversais.	X	X	X
Encontros con autores/as	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man as motivacións e os recursos que os escritores/as utilizan para elaborar unha obra literaria.	X	X	X
Celebración de efemérides	A celebración de datas como o Día do Libro, o Día das Letras Galegas, etc. permite desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.	X	X	X
Exposicións	As exposicións poden ser de traballos realizados polo alumnado, pero tamén sobre temas culturais ou literarios abordados por asociacións, organismos públicos, etc.	X	X	X
Obradoiros de escrita	Estes obradoiros posibilitan o achegamento á linguaxe dende un enfoque máis vivencial, reforzando a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade, etc.	X	X	X
Visionado de películas e asistencia a representacións teatrais e concertos	O cine, o teatro e a música son excelentes vehículos para completar e enriquecer as aprendizaxes do alumnado, ademais de servir para mellorar as destrezas comunicativas, as habilidades sociais, a expresión de emocións e a autoestima.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas sobre temas transversais	Os dereitos humanos, a igualdade de xénero, o coidado da saúde, o respecto e a protección da natureza, o consumo responsable, etc. son temas sobre os que reflexionar e debater a partir das achegas de especialistas que poidan impartir charlas ou participar en coloquios no centro.	X	X	X
Visitas culturais, roteiros literarios, etc.	Porque non se valora o que non se coñece, é importante que o alumnado realice saídas de diverso tipo que o poñan en contacto coa riqueza patrimonial, cultural, literaria, etc. da súa contorna.	X	X	X
Recitais e maratóns de lectura	Os recitais e as lecturas públicas contribúen á mellora da expresión oral e da oratoria, ao tempo que facilitan a conformación dos gustos lectores e o criterio estético do alumnado.	X	X	X

Observacións:

A listaxe de actividades aquí incluída é orientativa e fica aberta a modificacións e incorporacións de novas actividades, en función da oferta cultural da cidade ou de localidades próximas ao centro educativo.

Posto que as que se citan son actividades de índole xeral, a súa realización concreta poderá ter lugar nun único trimestre ou en varios deles, segundo aconselle o desenvolvemento do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos, as actividades e os criterios de avaliación.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Aplícanse os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos na programación didáctica.
Desenvólvense os procedementos de recuperación previstos para o alumnado coa materia suspensa ou pendente de cursos anteriores.

Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada unidade, realízase unha introdución e propóñense tarefas de activación dos coñecementos previos do alumnado.
Ao comezo de cada unidade, proporciónase ao alumnado un guión ou mapa conceptual do tema.
Os contidos e as actividades de cada unidade parten dos coñecementos do alumnado, vincúlanse coas súas necesidades e favorecen a construción de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas e facilitan a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado ás tarefas é axeitada.
Aplicanse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, etc.
Séguese a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explícanse e corríxense na aula as actividades das distintas unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais...).
Medidas de atención á diversidade
Desenvólvense as medidas de atención á diversidade requiridas polo alumnado.
Lévanse a cabo medidas de reforzo educativo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- a) A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- b) A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- c) A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- d) A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- e) A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezo de curso, informarase ao alumnado dos seus puntos esenciais.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do

proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As devanditas modificacións figurarán tamén na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elabórase de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

9. Outros apartados